

1.3. sector exterior

Este capítulo, dedicado á análise do sector exterior da comunidade galega no ano 2000, está estruturado en tres grandes bloques. No primeiro deles, analízase a evolución das exportacións e importacións de bens e servizos desde o punto de vista sectorial, por capítulos arancelarios e segundo a súa distribución xeográfica. Na parte final do mesmo, faise referencia ás relacións comerciais entre Galicia e o norte de Portugal. Posteriormente, estúdase a situación do investimento galego no estranxeiro -en qué sectores e en qué países- e, finalmente, preséntanse os resultados para o ano 2000 do Plan de Fomento das Exportacións Galegas.

Para o desenvolvemento do mesmo terase en conta os datos facilitados pola Dirección de Aduanas, o Instituto de Comercio Exterior (ICEX), o IGE, a Dirección Territorial de Comercio Exterior en Galicia, o Registro de Inversiones Españolas en el Exterior e a Memoria 2000 de Foexga.

O punto de partida da análise é a delimitación do concepto “**sector exterior galego**”. Por unha banda, as “*Contas económicas de Galicia 1998*” seguen o criterio de tratamento homoxéneo de tódolos fluxos exteriores, independentemente de que teñan a súa orixe/destino no resto de España, na UE ou no resto do mundo.

O valor das exportacións de bens e servizos no ano 1998 ascendeu a 2.117,8 miles de millóns de pesetas, das que o 66,3% corresponde ás exportacións galegas ó resto de España (1.405 miles de millóns), e un 25,8% ás exportacións á UE (545,3 miles de millóns de pesetas). No caso das importacións galegas (2.536,0 miles de millóns de pesetas), o 73,3% provén do resto de España, fronte ó 18,2% de orixe comunitaria.

Tendo en conta os datos das importacións e exportacións, no ano 1998, Galicia presentaba un déficit de 418.248 millóns de pesetas. Non obstante, o saldo comercial coa UE presenta un superávit de 82.536,6 millóns de pesetas.

Pola outra banda, o ICEX e a Dirección Territorial de Comercio empregan unha metodoloxía diferente, ó consideraren como exportacións ou importacións só o que sae ou entra de/en España. Dada a limitación temporal, o presente capítulo centrase no segundo criterio mencionado.

Ó longo do ano 2000, en comparación co que acontece no contexto español, o comercio exterior galego presentou un crecemento superior ó estatal, cun crecemento do 35,4% fronte ó 18,6% rexistrado polo comercio exterior de España. No que respecta á actividade exportadora, o valor das exportacións galegas no ano 2000 foi de 1.371.676 millóns de pesetas, un 37,1% superior ó rexistrado no ano precedente (17,5% para o conxunto do estado). O valor das importacións ascendeu a 1.468.943 millóns de pesetas, que representa un crecemento do 33,8% respecto o valor do ano anterior (19,4% en España).

Polo tanto, a balanza comercial galega continúa co descenso do seu **déficit**, que no ano 2000 foi, segundo o ICEX, de 97.266 millóns de pesetas, fronte ós 97.962 millóns do ano anterior. En termos porcentuais, o déficit comercial do ano 2000 é un 0,7% inferior ó rexistrado o ano precedente.

A **taxa de cobertura**, recollida nos **cadros 1.3.1. e 1.3.2.**, foi do 93,4% (en 1999 foi do 91,1%), vinte puntos por riba da experimentada por España, que foi do 73,3% (en 1999 era do 75,8%). Comparado co resto das comunidades autónomas, no ano 2000 Galicia é a novena comunidade con maior taxa de cobertura.

No estudio do sector exterior galego, apréciase unha forte **concentración e especialización**. Por unha banda, a provincia de Pontevedra acapara aproximadamente o 62% do comercio exterior da comunidade; por outra, a Unión Europea (especialmente Francia e Portugal), segue a se-lo principal socio comercial, ó acolle-lo 79,7% das exportacións galegas e o 62,2% das importacións.

Atendendo ós produtos comercializados,

tamén se constata a devandita especialización do sector exterior. Así, un só capítulo arancelario, o capítulo 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios), representa o 33,6% e o 46,1% do total das importacións e exportacións galegas, respectivamente. O peso relativo dos 10 primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 78,8% do total das exportacións e no 79,9% no caso das importacións galegas no ano 2000.

En canto ó fluxo do **investimento galego no estranxeiro**, este acadou os 31.676 millóns de pesetas no ano 2000, o que representa o 0,3% do total investido por España nese ano. Os países latinoamericanos reciben o 54,9% do total investido por Galicia, fronte ó 33,8% no caso español. Segundo a distribución sectorial, Galicia concentra o seu investimento no estranxeiro nos sectores comercio e agricultura, gandería, caza e silvicultura, que acollen o 76,6% do total investido.

Comercio exterior

Ó longo do ano 2000, o sector exterior galego presentou un ritmo de crecemento intenso, ó rexistrar o valor total das exportacións e das importacións galegas un crecemento do 37,1% e do 33,8%, respectivamente. Esta dinámica ven explicada, fundamentalmente, polo pulo do sector das manufacturas e do subsector de materiais de transporte.

Esta evolución permitiu que no ano 2000 a balanza comercial galega presente unha redución do seu déficit, que se sitúa en 97.266 millóns de pesetas (fonte ICEX), un 0,7% inferior ó rexistrado o ano anterior (97.962 millóns de pesetas). A taxa de cobertura, **cadro 1.3.2.**, acada o 93,4% (en 1999 era do 91,1%), 20 puntos por riba da experimentada por España, que foi do 73,3% (en 1999 era do 75,8%).

Tendo en conta o valor total das exportacións e importacións galegas (fonte:ICEX) e o produto interior a prezos de mercado, o devandito **cadro 1.3.2.** amosa que o grao de apertura

CADRO 1.3.1.

Taxas de cobertura do comercio exterior 1999-00

	1999	2000
	%	
OCDE	95,2	92,3
UE	102,7	100,6
Galicia	91,1	93,4
España	75,8	73,3

Fonte: INE e ICEX

CADRO 1.3.2.

Taxas de cobertura e grado de apertura do comercio exterior das CC.AA. 1999-00

	Taxas de cobertura		Grado de apertura	
	1999	2000	1999	2000
	%			
Andalucía	102,2	82,5	22,0	27,0
Aragón	100,9	99,6	53,9	53,1
Asturias	85,6	86,0	21,8	25,6
Baleares	56,6	50,4	18,0	18,5
Canarias	20,5	23,3	16,7	18,8
Cantabria	78,6	101,1	35,3	37,3
Castela-A Mancha	58,5	56,7	22,3	24,5
Castela-León	95,1	98,1	46,6	47,2
Cataluña	70,2	69,8	63,0	70,6
Comunidade Valenciana	129,9	123,2	44,0	47,2
Extremadura	182,4	187,9	9,9	9,9
Galicia	91,1	93,4	41,0	51,3
A Coruña	72,7	62,3		
Lugo	91,2	75,7		
Ourense	219,3	200,6		
Pontevedra	95,7	110,7		
Madrid	32,9	34,0	46,4	51,5
Murcia	130,4	77,4	36,2	51,4
Navarra	128,4	133,0	74,6	87,1
País Vasco	132,1	113,1	47,8	56,3
A Rioxa	139,5	122,0	31,7	32,8
Total	75,8	73,3	42,0	47,3

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e da Dirección General de Aduanas

da economía galega no ano 2000 foi do 51,3%, sendo a sétima comunidade con maior grado de apertura, por detrás de Navarra, Cataluña, País Vasco, Aragón, Madrid e Murcia.

Dadas as características xerais da situación comercial, para comprende-la evolución do déficit da balanza comercial galega, sería necesario facer unha análise por separado das importacións e exportacións galegas.

• Importacións

No concernente ás importacións, no **cadro C.1.5. (Importacións e exportacións de Galicia**

e España 1999-00) pódese aprecia-lo diferente ritmo de crecemento das importacións galegas e españolas, así como o distinto peso relativo do valor das importacións das diferentes provincias galegas no total da comunidade. O peso relativo das importacións galegas no total español acada o 5,31% no ano 2000, fronte ó 5,36% do ano anterior.

Pontevedra segue a se-la provincia importadora máis importante, acollendo o 57% do valor total das importacións galegas, en tanto que Ourense e Lugo son as que teñen unha menor participación nos intercambios de Galicia co exterior, ó representa-lo 2% e o 4%, respecti-

CADRO 1.3.3.

Importacións 2000 (1): distribución sectorial

	Importe	00/99	sector/total	G/E
	(en millóns de pesetas)		%	
Enerxéticos	248.349	104,5	16,91	7,40
Non enerxéticos	1.220.594	25,0	83,09	5,03
Sector primario	327.027	11,7	22,26	8,37
Productos agrícolas	244.248	8,8	16,63	9,37
Materias primas	82.779	21,6	5,64	6,36
Semimanufacturas	161.911	23,1	11,02	2,79
Industria química	70.142	27,8	4,77	1,94
Metais	85.064	21,1	5,79	4,44
Outras semimanufacturas	6.705	5,7	0,46	2,51
Manufacturas	731.655	32,4	49,81	5,02
Bens de equipamento	578.929	27,5	39,41	5,12
Maquinaria	81.516	-23,8	5,55	1,34
Materiais de transporte	497.413	43,3	33,86	9,57
Bens de consumo	152.726	55,2	10,40	4,65
Peletería	9.314	55,5	0,63	4,06
Téxtiles	100.336	28,6	6,83	7,86
Outros bens de consumo	43.076	198,8	2,93	2,42
Total	1.468.943	33,8	100	5,31

(1) datos provisionais
Fonte: ICEX

CADRO 1.3.4.

Exportacións 2000 (1): distribución sectorial

	Importe	00/99	sector/total	G/E
	(en millóns de pesetas)		%	
Enerxéticos	38.386	97,3	2,80	5,09
Non enerxéticos	1.333.290	36,0	97,20	6,76
Sector primario	296.129	18,8	21,59	8,22
Productos agrícolas	214.587	15,7	15,64	7,54
Materias primas	81.542	27,8	5,94	10,79
Semimanufacturas	159.524	19,4	11,63	3,45
Industria química	49.598	13,4	3,62	1,99
Metais	53.174	30,9	3,88	3,57
Outras semimanufacturas	56.752	15,3	4,14	8,79
Manufacturas	877.637	46,8	63,98	7,63
Bens de equipamento	727.516	50,3	53,04	8,34
Maquinaria	50.160	25,6	3,66	1,49
Materiais de transporte	677.356	52,5	49,38	12,67
Bens de consumo	150.121	32,1	10,94	5,40
Peletería	7.914	40,4	0,58	4,85
Téxtiles	101.608	28,0	7,41	11,15
Outros bens de consumo	40.599	42,0	2,96	2,38
Total	1.371.676	37,1	100	6,70

(1) datos provisionais
Fonte: ICEX

vamente (**gráfico C.1.2.: Importacións 2000: distribución provincial**).

Na análise sectorial das importacións, o **cadro 1.3.3.** amosa que o peso relativo das importacións de produtos enerxéticos no total estatal foi do 7,4% no ano 2000, mentres que a

importancia relativa das importacións dos produtos non enerxéticos foi do 5,0%.

No caso galego, o devandito **cadro 1.3.3.** reflicte un importante aumento do peso relativo das importacións de produtos enerxéticos. Despois dun crecemento do 104,5% respecto ó ano

anterior, as importacións de produtos enerxéticos representan o 16,9% do valor total das importacións galegas. No caso dos produtos non enerxéticos, estes aumentan en conxunto un 25% respecto ó valor de 1999, sendo o seu peso relativo no total galego do 83,1%.

O **sector primario**, trala caída do valor das importacións no ano anterior, presenta no ano 2000 unha taxa de crecemento do 11,7%, estando este crecemento explicado tanto pola evolución dos produtos agrícolas (medran un 8,8% respecto ó ano anterior) como a das materias primas (creceron un 21,6%). Representan o 22,3% do valor total das importacións galegas e o 8,4% das importacións españolas do sector, sendo a partida máis importante a de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), que representan o 11,8% do total de importacións galegas. Entre os dez primeiros capítulos galegos de importación para o ano 2000, tamén está o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 3,1% do valor total das importacións galegas.

O subsector das **semimanufacturas**, **cadros 1.3.3. e C.1.6.** (*Importacións 2000: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e Mercosur*), presenta no ano 2000 un crecemento do 23,1% respecto ó ano anterior. Representa o 11% das importacións totais galegas e o 2,8% das importacións españolas de automóbil. Dentro deste subsector salienta o crecemento das importacións correspondentes á industria química (un 27,8%) e ó subsector metais (21,1%), e entre os dez primeiros capítulos de importación de Galicia atópanse os capítulos 72 (fundición, ferro e aceiro) e 76 (aluminio e manufacturas de aluminio), que representan o 2,4% e o 2% das importacións galegas.

No concernente á importación de **manufacturas**, que é o compoñente máis importante das importacións galegas (significan o 49,8% das mesmas), o importante crecemento das mesmas é debido tanto ó medre das importacións de bens de equipamento (27,5%), como ó das importacións de bens de consumo (55,2%).

Entre os capítulos de importación máis importantes están o 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que segue a se-lo principal capítulo importador e supón o 33,6% das compras galegas do exterior; o 84 (reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos, partes), que é a cuarta partida importadora; e as partidas incluídas dentro do sector téxtil.

A **distribución xeográfica** das importacións galegas no ano 2000 amosa, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, no ano 2000 o 62,2% do valor total das importacións procede da UE (913.908 millóns de pesetas), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 6,5% (94.959 millóns de pesetas), seguida do Norte de África, co 6% (88.488 millóns de pesetas) (**cadro 1.3.5.**).

Atendendo á desagregación por capítulos das importacións galegas dos países da Unión Europea, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 492.220 millóns de pesetas, o que representa o 53,9% das importacións procedentes desa área económica e un 99,7% das importacións correspondentes ó devandito capítulo (**cadro C.1.6.** *Importacións 2000: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e Mercosur*).

Na Unión Europea, o principal proveedor de Galicia é Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo. O valor total das importacións francesas ascende a 518.316 millóns de pesetas, o que supón o 35,3% do total das importacións galegas.

O principal capítulo arancelario é o correspondente á automoción (87) que, cun importe de 451.448 millóns de pesetas, supón o 87,1% do total do valor das súas importacións e representa o 91,4% do total das importacións galegas englobadas neste capítulo. O segundo posto corresponde ó capítulo 85 (máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de gravación e reprodución e partes), cun importe

Importacións e exportacións 1999-00: distribución xeográfica segundo orixe e destino

	1999	2000	Saldo comercial	00/99
	(en millóns de pesetas)			%
Importacións				
Europa	776.170	985.495	209.325	27,0
Unión Europea	724.673	913.908	189.235	26,1
Europa Oriental	28.145	42.914	14.769	52,5
Países EFTA	17.958	18.195	237	1,3
Resto de Europa	5.394	10.478	5.084	94,3
África	92.325	158.644	66.319	71,8
América	164.785	241.234	76.449	46,4
Asia	62.501	79.339	16.838	26,9
Oceanía	2.344	4.233	1.889	80,6
Outros	-	-	-	-
Total	1.098.125	1.468.945	370.820	33,8
Exportacións				
Europa	823.879	1.150.094	326.215	39,6
Unión Europea	787.414	1.093.663	306.249	38,9
Europa Oriental	9.640	12.794	3.154	32,7
Países EFTA	11.067	16.579	5.512	49,8
Resto de Europa	15.758	27.058	11.300	71,7
África	21.242	27.905	6.663	31,4
América	103.690	125.104	21.414	20,7
Asia	35.106	54.374	19.268	54,9
Oceanía	8.003	599	-7404	-92,5
Outros	8.248	13.601	5.353	64,9
Total	1.000.168	1.371.677	371.509	37,1

Fonte: ICEX

de 10.285 millóns de pesetas, representando o 2% do total das importacións francesas e o 35% do valor das importacións galegas correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das importacións galegas de Portugal, que representan o 8,6% do total das importacións galegas no ano 2000, as dúas primeiras partidas son as dos capítulos 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) e 61 (prendas e complementos de vestir de punto), cun valor de 16.512 millóns de pesetas e 15.509 millóns de pesetas, respectivamente. No conxunto das importacións galegas de Portugal, estas partidas representan, respectivamente, o 13% e o 12,2%.

Finalmente, as importacións galegas dos países do Mercosur ascenden a 57.624 millóns de pesetas e representan o 3,9% do total das importacións galegas. Entre os capítulos arancelarios máis importantes salientan as importacións de produtos do capítulo 03, que supón un 52,6% das importacións procedentes desa área económica e un 17,4% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

• **Exportacións**

No que á análise das exportacións se refire, no **cadro C.1.5. (Importacións e exportacións de Galicia e España 1999-00)** pódese apreciar o maior dinamismo do sector exportador galego, que crece un 37,1% no ano 2000 respecto ó ano anterior. O peso relativo das exportacións galegas no total español foi dun 6,7%, fronte ó 5,7% do ano anterior.

Ó igual que acontece coas importacións, existe unha maior concentración das exportacións galegas na provincia de Pontevedra, onde, tras un crecemento do 43,8% respecto ó ano anterior, o seu peso relativo no total das exportacións galegas é do 67% (**gráfico C.1.3. Exportacións 2000: distribución sectorial**).

Atendendo á **distribución sectorial** das exportacións galegas, **cadro 1.3.4.**, no ano 2000 aumenta o peso relativo das exportacións galegas no total español (6,7% fronte ó 5,7% do ano anterior). No conxunto das exportacións galegas, o sector enerxético representa o 2,8% das exportacións (o 5,1% das exportacións ener-

xéticas españolas) e as exportacións de produtos non enerxéticos, considerados no seu conxunto, representan o 97,2% das exportacións galegas (o 6,8% das exportacións españolas destes productos).

Tal e como reflicten os **cadros 1.3.4. e C.1.7.** (*Exportacións 2000: principais capítulos e exportacións á Unión Europea, Francia, Portugal e Mercosur*), o sector primario rexistra un crecemento inferior ó experimentado polas exportacións galegas (18,8% e 37,1%, respectivamente) por mor, fundamentalmente, da evolución dos produtos agrícolas, que medran un 15,7% respecto ó ano anterior.

Entre os primeiros capítulos exportadores nos **sectores primarios** salienta o peso dos capítulos 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) e 16 (preparacións de carne, de pescado ou crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos), que representan, respectivamente, o 8,1% e o 3,2% das importacións galegas. Tamén salienta, dentro das materias primas, o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 2,5% das exportacións galegas.

O valor das exportacións das **semimanufacturas** medra un 19,4% no ano 2000, salientando o crecemento do subsector metais, cun 30,9% respecto ó ano anterior. Entre os 10 primeiros capítulos exportadores de Galicia atópase o 68 (manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas), que representa o 3,8% das exportacións galegas.

As exportacións de **manufacturas**, que presentan un crecemento do seu importe superior á media galega (46,8% respecto ó ano anterior), representan o 64% das exportacións galegas, sendo o seu peso relativo no total estatal das exportacións de manufacturas do 7,6%. Dentro das exportacións de bens de equipamento (medran un 50,3% respecto ó ano anterior), salienta o comportamento dos materiais de transporte, onde o capítulo 87 (exportacións, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que representan o

46,1% das exportacións galegas. Asemade, o capítulo 89 (navegación marítima ou fluvial) convértese na quinta partida exportadora de Galicia, cunha achega do 3,3% no total das vendas galegas ó exterior.

No caso das exportacións de bens de consumo, a diferenza do acontecido no ano anterior, prodúcese un crecemento das exportacións nos tres subsectores considerados: peletería, téxtiles e outros bens de consumo.

No concernte á **distribución xeográfica** das exportacións, tal e como se amosa no **cadro 1.3.5.**, a UE é o principal cliente de Galicia. Segundo os datos do ICEX, do valor total das exportacións galegas (1.371.676 millóns de pesetas), as vendas á UE representan o 79,7%, en tanto que as exportacións a América do Norte e América Central significan o 3,4% e 3%, respectivamente.

Tal e como reflicte o **cadro C.1.7.** (*Exportacións 2000: principais capítulos e exportacións á Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur*), as exportacións galegas ós países da Unión Europea están dominadas polo papel das exportacións de produtos do capítulo 87. Estas ascenden a 565.715 millóns de pesetas, o que representa o 51,7% das vendas a esa área económica e un 89,5% das exportacións correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das exportacións galegas a Francia, neste país tamén existe un predominio dos produtos do capítulo da automoción (87), que representa o 73% do total das exportacións galegas a Francia e o 42,4% do importe total das exportacións do capítulo 87. No caso das exportacións a Portugal, salienta a importancia do capítulo 03, que representa o 16,3% do total das exportacións a Portugal no ano 2000. Asemade, representa o 33,9% do total das exportacións galegas pertencentes ó capítulo 03 no ano 2000.

Finalmente, no concernte ás exportacións ós países do Mercosur, que representan o 1% do total das exportacións galegas no ano 2000, destaca que a principal partida exportado-

Importacións e exportacións de Galicia-Norte de Portugal. 1997-98

	Exportacións			Importacións		
	1997	1998	98/97	1997	1998	98/97
	(en millóns de ptas.)	(en millóns de ptas.)	(%/total)	(en millóns de ptas.)	(en millóns de ptas.)	(%/total)
	97/96	98/97	%	97/96	98/97	%
Productos agrícolas, gandeiros e da pesca	24.327,40	28.434,20	33,6	8.122,00	9.194,20	15,7
Productos da industria alimentaria	5.426,90	5.416,00	6,4	542,90	689,00	1,2
Minerais e as súas manufacturas	5.112,70	5.982,70	7,1	2.677,50	2.695,30	4,6
Productos da industria química	5.494,30	6.201,70	7,3	2.873,70	2.660,30	4,5
Téxtil e confección	8.577,90	12.291,70	14,5	18.065,40	24.628,40	42
Madeira, pasta e papel	6.218,70	7.564,90	8,9	3.887,40	4.252,40	7,3
Metais e as súas manufacturas	8.564,00	7.856,70	9,3	3.763,20	4.668,30	8
Máquinas e aparellos	4.585,40	5.397,80	6,4	3.013,00	4.143,70	7,1
Material de transporte	3.624,90	3.089,10	3,7	2.643,00	4.149,60	7,1
Outras mercadorías	1.634,90	2.384,90	2,8	2.548,80	1.502,90	2,6
Total	73.567,10	84.619,60	100	48.126,90	58.584,00	100
			15			21,7

Fonte: IGE

CADRO 1.3.7.

Investimentos no exterior das CC.AA. 1999-00 ⁽¹⁾

	1999		2000		00/99
	(en millóns de pesetas)	CA/total %	(en millóns de pesetas)	CA/total %	%
Andalucía	11.928,1	0,1	44.012,3	0,4	269,0
Aragón	3.932,8	0,0	1.522,3	0,0	-61,3
Asturias	164,9	0,0	536,6	0,0	225,5
Baleares	67.402,6	0,7	8.144,6	0,1	-87,9
Canarias	264.538,0	2,6	30.392,3	0,3	-88,5
Cantabria	164.705,8	1,6	61.946,4	0,6	-62,4
Castela e León	6.214,5	0,1	5.278,8	0,0	-15,1
Castela-A Mancha	4.059,9	0,0	2.027,0	0,0	-50,1
Cataluña	848.762,5	8,4	1.084.725,4	10,1	27,8
C. Valenciana	348.747,3	3,4	450.969,3	4,2	29,3
Extremadura	83,7	0,0	1.797,8	0,0	2048,4
Galicia	141.333,0	1,4	31.675,8	0,3	-77,6
Madrid	7.529.051,7	74,2	8.495.667,9	79,1	12,8
Murcia	1.840,2	0,0	526,8	0,0	-71,4
Navarra	11.618,7	0,1	3.129,9	0,0	-73,1
País Vasco	743.340,8	7,3	515.047,2	4,8	-30,7
A Rioxa	401,5	0,0	-	-	-
Ceuta e Melilla	9,0	0,0	-	-	-
Total	10.148.134,9	100	10.737.400,51	100	5,8

(1) xaneiro-decembro

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

ra é a correspondente á automoción, que representa o 30,5% do total exportado a estes países.

• *Relacións comerciais entre Galicia e o Norte de Portugal*

No marco da crecente importancia das relacións sociais, económicas e culturais ente Galicia e o norte de Portugal, neste capítulo se pretende o estudio das relacións comerciais entre a comunidade e o veciño luso. Atendendo ós datos do **cadro 1.3.6.**, en 1998 o valor total das exportacións ascendeu a 84.619,6 millóns de pesetas (un 15% máis que o ano anterior) en tanto que as importacións acadaron os 58.584 millóns de pesetas (un 21,7% máis que o ano anterior), polo que o saldo da balanza comercial galega é de 26.035,6 millóns de pesetas (un 2,3% superior ó superávit do ano anterior).

Atendendo ós produtos importados, o devandito cadro reflicte a importancia do sector téxtil e confección, que acolle o 42% do valor total das importacións galegas do norte de Portugal, seguido dos produtos agrícolas, gandeiros e da pesca, co 15,7%, e dos metais e as súas manufacturas, co 8%. Comparado co ano anterior, salienta o incremento do 57% experimentado polo material de transporte e do 36,4% correspondente ó téxtil e confección, en tanto

que no caso dos produtos da industria química, descende un 7,4% respecto a 1997.

No caso das exportacións, en 1998 salientan as exportacións dos produtos agrícolas, gandeiros e da pesca, co 33,6% do valor total das exportacións á devandita rexión, seguidos polas exportacións do sector téxtil e confección, co 14,5%, e dos metais e as súas manufacturas, co 9,3%. Comparado co ano anterior, salienta o forte incremento experimentado polo sector téxtil e confección (43,3%) e polo sector da madeira, pasta e papel (21,6%), e o descenso do valor das exportacións no caso do material de transporte (14,8%) e dos metais e as súas manufacturas (8,3%).

Investimento galego no estranxeiro

O investimento bruto da comunidade galega no exterior no ano 2000 ascendeu a 31.676 millóns de pesetas (un 77,6% menos do investido no ano anterior), o que representou o 0,3% do importe total do investimento español. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a sétima comunidade que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña, País Vasco, a C. Valenciana, Cantabria e Andalucía (**cadro 1.3.7.**).

CADRO 1.3.8.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2000 (1): distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
	(en millóns de pesetas)	(% / total)	(en millóns de pesetas)	(% / total)	%
Agricultura, gandería, caza, selvicultura e pesca	9.733	30,7	14.421	0,13	67,5
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	-	-	113.673	1,06	-
Ind. extract., ref. petróleo e tratamento combustibles	-	-	2.084	0,02	-
Alimentación, bebidas e tabaco	-	-	342.556	3,19	-
Ind. téxtil e confección	2	0,0	3.239	0,03	0,1
Ind. papel, edición e artes gráficas	27	0,1	32.678	0,30	0,1
Ind. química	-	-	132.229	1,23	-
Outras manufacturas	2.162	6,8	408.670	3,81	0,5
Construcción	-	-	12.262	0,11	-
Comercio	14.538	45,9	198.897	1,85	7,3
Hostelería	-	-	21.253	0,20	-
Transporte e comunicacións	32	0,1	2.091.617	19,48	0,0
Intermediación financeira, banca e seguro	9	0,0	1.998.016	18,61	0,0
Actividades inmobiliarias e servizos	5.095	16,1	313.907	2,92	1,6
Xestión de sociedades e tenencia de valores	-	-	4.989.671	46,47	-
Holding e Outros	77	0,2	62.226	0,58	0,1
Total	31.676	100	10.737.401	100	0,3

(1) Xaneiro-décembro

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

CADRO 1.3.9.

Investimentos directos no exterior das CC.AA. 2000: distribución segundo áreas económicas de destino

	OCDE	UE	EE.UU.	Latinoamérica	Total (1)
	(en millóns de pesetas)				
Andalucía	39.720	1.473	8	2.733	44.012
Aragón	305	305	-	1.121	1.522
Asturias	441	441	-	95	537
Baleares	6.313	6.292	-	808	8.145
Canarias	11.431	11.431	-	14.469	30.392
Cantabria	12.407	1.121	11.167	49.415	61.946
Castela e León	3.494	2.169	1.325	1.784	5.279
Castela-A Mancha	308	308	-	1.597	2.027
Cataluña	931.924	551.374	31.879	118.882	1.084.725
Comunidade Valenciana	254.415	252.644	243	1.536	450.969
Estremadura	1.511	1.509	2	287	1.798
Galicia	13.534	11.392	160	17.407	31.676
Madrid	5.371.721	4.357.692	781.911	3.041.091	8.495.668
Murcia	47	-	-	400	527
Navarra	3.081	263	2.818	37	3.130
País Vasco	80.659	48.559	16.720	382.447	515.047
A Ríoxa	-	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-
Total	6.731.310	5.246.974	846.234	3.634.110	10.737.401

(1) o total inclúe ademais o resto de investimentos fóra desas áreas xeográficas concretas

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

Sectorialmente, como amosa o **cadro 1.3.8.**, Galicia concentra o seu investimento no estranxeiro nos sectores comercio e agricultura, gandería, caza e silvicultura, que acollen o 76,6% do total investido (14.538 millóns de pesetas o comercio e 9.733 millóns de pesetas as actividades do sector primario).

Especial mención merece o sector agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca, que

representa o 67,5% do investimento estranxeiro total español no sector primario. O subsector comercio, sendo o subsector máis importante en Galicia, representa o 7,3% do total investido en España nesta materia.

No concernerente á **distribución xeográfica**, o **cadro 1.3.9.** amosa a importancia do investimento galego nos países latinoamericanos, onde Arxentina e México son os primeiros destinos

CADRO 1.3.10.

Resumo das actividades do Plan FOEXGA 2000

Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras	
(en miles de pesetas)					
Misións comerciais	29	138.562,7	58.678,9	46.381,3	33.502,5
Feiras internacionais	19	92.310,1	37.885,8	33.787,2	20.637,1
Outras accións conxuntas	10	24.466,5	17.236,3	-	7.230,2
Misións comerciais inversas	2	6.339,3	2.809,7	1.439,9	2.089,7
Misións de estudos	3	9.204,2	4.011,8	2.361,4	2.831,0
Edicións e estudos	1	4.176,0	2.088,0	-	2.088,0
Bolseiros promotores	20	57.955,4	28.977,7	-	28.977,7
Accións privativas	29	14.469,1	7.234,5	-	7.234,5
Promocións de turismo	8	17.413,3	7.349,2	5.429,7	4.634,4
Encontros empresariais	2	3.123,9	1.451,4	442,2	1.230,3
Total 2000	123	368.020,6	167.723,4	89.841,7	110.455,5
Total 1992-2000	754	1.956.599,2	943.571,5	593.552,6	419.475,1

Fonte: Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA)

do investimento galego, con 11.486,4 millóns de pesetas (o 36,3% do total investido no estranxeiro) e 3.855,6 millóns de pesetas (o 12,2%), respectivamente. O valor dos fluxos de investimento ós países da UE ascendeu a 11.392 millóns de pesetas (o 36% do total investido), sendo Bélxica (2.189,7 millóns de pesetas), Irlanda (2.020,5 millóns), Italia (1.980,7 millóns de pesetas) e o Reino Unido (1.949,6 millóns de pesetas) os principais destinos dos investimentos galegos no exterior.

Comparado co investimento estranxeiro do conxunto do estado, os fluxos de investimento a Arxentina e México (os dous principais destinos no ano 2000) representan o 2,1% e 1,2% do total investido por España neses dous países. No caso europeo, a importancia relativa do investimento galego en Irlanda e Bélxica foi do 8,1% e 5,1%, respectivamente.

Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O Plan Foexga, que é un dos instrumentos ó servizo da internacionalización das empresas galegas, realizou no ano 2000 un total de 123 accións, cun investimento de 368 millóns de pesetas (un 20,2% máis que no ano anterior).

Como reflicte o **cadro 1.3.10.**, a meirande parte das 123 accións desenvolvidas no ano 2000 corresponden ás accións privativas e ás accións comerciais, con 29, seguidas das

accións relativas ós bolseiros promotores e ás feiras internacionais, con 20 e 19 accións, respectivamente.

Respecto ó investimento do plan, este ascendeu a 368 millóns de pesetas, dos que a Xunta aportou 167,7 millóns de pesetas (o 45,6% do total investido), as Cámaras 110,5 millóns de pesetas (o 30%) e as empresas un total de 89,8 millóns de pesetas (o 24,4%). O maior gasto correspondeu ás misións comerciais, nas que se investiron un total de 138,6 millóns de pesetas no ano 2000, seguidas das feiras internacionais, con 92,3 millóns de pesetas. ■

